



CONCELLO DE
PONTEVEDRA

CONCELLARÍA DE
PATRIMONIO HISTÓRICO

XORNADAS DE PORTAS ABERTAS NO CITA

Con motivo do primeiro aniversario do Centro de Interpretación das Torres Arcebispais (CITA), a Concellaría de Patrimonio Histórico organiza unhas **xornadas de portas abertas que terán lugar os días 2, 3 e 4 de decembro de 2011**.

O obxecto destas xornadas é que as entidades sociais e a cidadanía en xeral poidan visitar con acceso gratuíto este equipamento cultural integrado na rede de espazos arqueolóxicos do centro histórico de Pontevedra. Ademais de coñecer as estruturas construtivas da fortaleza, a visita permite facer un achegamento audiovisual á historia da cidade de Pontevedra desde a época romana ata os tempos modernos.

As persoas interesadas deberán dirixirse ao CITA no horario de apertura ao público (luns a sábado de 10 a 14 e de 16 a 19 horas; domingos e festivos de 10 a 14 horas; martes pechado) ou facer a **solicitude chamando ao número 986 090 677**.

No caso das entidades (centros educativos, asociacións) poderán concertar unha **visita para grupos** dun máximo de 25 persoas nas xornadas de portas abertas (2, 3 e 4 de decembro) ou nos seguintes días do mes de decembro: venres 9, sábado 10, venres 16 e sábado 17.

Pontevedra, 28 de novembro de 2011